


PREVIR EN TERRA *GAÑAR* NO MAR



A TÚA SAÚDE É PARTE DA TRIPULACIÓN. REVÍSEA ANTES DE ZARPAR.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

¿QUE É UN RECOÑECIMIENTO MÉDICO DE EMBARQUE MARÍTIMO (RMEM)?

É unha **valoración** que realiza un médico de sanidade marítima do Instituto Social da Mariña (ISM), **co fin de detectar se a condición de saúde do traballador do mar é compatible cos riscos do posto de traballo**, de tal forma que, se ten unha condición de saúde adecuada, esta non se vexa afectada polas condicións de traballo.

¿En qué consiste un RMEM?

- Unha entrevista clínica e unha exploración por un/unha médico/a, por sistemas e aparellos.
- Probas complementarias de agudeza visual, das funcións auditiva e respiratoria e un electrocardiograma.

Tipos de Recoñecemento:

- Inicial
- Periódico
- Extraordinario

¿É OBRIGATORIO O RMEM?

Si, é obrigatorio, por normativa internacional e nacional xa que a **súa finalidade é garantir que as condicións psico-físicas do traballador do mar e dos mergulladores profesionais son as adecuadas** para o enrolamento e o desempeño das tarefas do seu posto de traballo a bordo e **compatibles co traballo no medio hiperbárico** sen poñer en risco a súa seguridade, a do resto da tripulación, nin a navegación marítima.

REQUISITOS PARA SOLICITAR OS RECOÑECIMENTOS MÉDICOS DE APTITUDE

- Ser maior de dezaseis anos
- Acreditar a identidade, co DNI ou NIE
- Aportar a Libreta de Navegación Marítima
- Aportar o certificado de estar afiliado á Seguridade Social no Réxime Especial dos Traballadores do Mar
- Non atoparse en situación de incapacidade temporal ou baixa médica

Se non se cumpre o anterior:

- Ser demandante de emprego no sector marítimo-pesqueiro en postos de traballo que requiran dun recoñecemento médico de embarque marítimo.
- Ter un certificado de empresa de previsión de contratación como tripulante dun buque de bandeira española.

No caso de mergulladores profesionais:

- Ser maior de dezaoito anos.
- Acreditar a identidade, co DNI ou NIE.
- Aportar a tarxeta de identidade de mergullo profesional se posúe a nacionalidade española.
- Acreditar que se atopa nalguna das seguintes situacións:
 - Estar inscrito/a como demandante de emprego como mergullador/a profesional nas categorías incluídas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
 - Ter un certificado de empresa de previsión de contratación como mergullador/a profesional.
- Non atoparse de baixa médica, situación de incapacidade temporal nin situación de incapacidade permanente total.

RESULTADO DOS RECOÑECIMENTOS MÉDICOS DE APTITUDE

Graos de aptitude para embarque:

- **Apto para o embarque.**
- **Non apto:** Cando, a criterio do médico recoñecedor, presente problemas de saúde non compatibles co desempeño do seu traballo a bordo.
- **Apto con restricións:**
Cando o traballador presente algún problema de saúde que, sen incapacitalle totalmente para o traballo no mar, se aconselle limitar ou cambiar algunhas das súas funcións ou tarefas a bordo.

Graos de aptitude para mergullo profesional:

- **Apto:** Reúne condicións psicofísicas e non padece enfermidades que poidan agravarse co traballo en ambiente hiperbárico.
- **Non apto:** Presenta algunha limitación ou proceso patolóxico incompatible co exercicio da súa profesión.
- **Apto con restricións:** Presenta limitación psicofísica que lle obriga a restrinxir a súa ocupación segundo:
 - Profundidade máxima de traballo
 - Frecuencia das inmersións
 - Tempo de estancia no medio
 - Equipos a utilizar
 - Distancia ao centro de tratamento hiperbárico máis próximo
 - Tipo de actividade subacuática
 - Outros factores segundo criterio médico

LEMBRA

O RMEM non serve para que o empresario coñeza os detalles da saúde dos seus traballadores. A súa finalidade non é só cumprir cun requisito legal, senón tamén protexer a saúde dos traballadores, identificando precozmente posibles enfermidades ou condicións que poderían ser causadas ou agravadas polo entorno laboral no mar.

PERÍODO DE VIXENCIA DOS CERTIFICADOS MÉDICOS

- **Embarque marítimo:** ata 2 anos (1 ano se menor de 18 anos).
- **Mergullo profesional:** ata 1 ano.

¿ONDE SE REALIZAN OS RMEM?

Nos **centros de sanidade marítima do ISM** na península e nos centros insulares.

¿COMO SOLICITAR CITA PARA RMEM?

- **Por Internet:** Portal ou Sede Electrónica da Seguridade Social.
- **Por teléfono:** Nas direccións provinciais e locais do ISM.
- **APP del ISM:** Na Área de Sanidade Marítima.



Escanea o QR e accede a:
Direccións Provinciais e
locais do ISM

